

Exp. CON/60/2016

ASUNTO: AVALIACIÓN DAS OFERTAS PARA A ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO E POSTA EN MARCHA DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (PROPOSICIÓN RELATIVA A CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CRIFRAS OU PORCENTAXES).

## 1. INTRODUCCIÓN

As ofertas recibidas para avaliación son as presentadas pola empresa T-SYSTEMS e pola UTE GT(3)-ALTIA.

Os criterios establecidos no prego como non avaliados mediante cifras ou porcentaxes son os que se indican de seguido:


### - A.1. Características técnicas e funcionais da solución (Ata 33 puntos)

Neste apartado valoraranse a características técnicas e funcionais da solución ofertada en relación cos requisitos establecidos no prego, en aspectos coma: Funcionalidades, usabilidade e experiencia de usuario, seguridade e auditoría de procesos, produtividade, interoperabilidade, nivel de integración, cumprimento de estándares e rendemento.

### - A.2. Planificación do proxecto (Ata 12 puntos)

Neste apartado valoraranse aspectos coma:

- Planificación do proxecto presentada polo provedor incluíndo a planificación global, o plan de implantación, o plan de migración e o plan de comunicación e xestión do cambio.
- Visión integrada da problemática e o alcance dos traballos que se contratan, que reflicta capacidade e coñecemento específico para o obxecto desta contratación, valorando igualmente aqueles aspectos relativos ao deseño, metodoloxía e cronograma ofertados.
- Ferramentas, métodos e técnicas relativas ao seguimento e control do proxecto ou contrato no seu conxunto.



- Equipo de traballo adscrito directamente á implantación da solución, atendendo á súa titulación académica, experiencia en proxectos de implantación da solución ofertada, formación e coñecementos específicos no ámbito do proxecto, e demais aspectos relevantes para a execución dos traballos contratados.
- A.3. Servizo de mantemento (Ata 4 puntos)

Neste apartado valorarase o alcance do mantemento e os parámetros de calidade do servizo.

## 2. CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Na cláusula 13.3 do prego de cláusulas administrativas indícase que: "Neste sobre non se incluíra documentación que poida facer referencia, en ningún caso, ás condicións económicas do contrato ou ás melloras e cláusulas sociais que se ofrecen, que serán valoradas nunha posterior fase da licitación. O incumprimento deste requirimento será motivo de exclusión da licitación."

A oferta presentada pola UTE GT(3)-ALTIA inclúe información que se corresponde con diversos criterios de adxudicación avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes (sobre 3) segundo se establece no prego de cláusulas administrativas:

- a) Na páxina 64 da oferta, dentro do apartado "6.2. Asistencia durante a posta en marcha", indícase o seguinte:

*"Como se indicou anteriormente, prestarase especial atención nos períodos críticos de posta en marcha do sistema (fitos 2 e 3). Durante estes períodos a UTE porá a disposición do concello de Santiago un consultor especializado in-situ que poida resolver aínda máis áxil e directamente calquera cuestión que xurda.*

*En particular, ofrécese a posibilidade de dispoñer deste servizo adicional ata un máximo de 8 semanas adicionais en cada un destes fitos por encima do prazo de 2 meses previsto no prego"*

Este punto coincide co criterio avaliábel mediante cifras ou porcentaxes denominado B.2. Asistencia á posta en marcha.

- b) Na páxina 66 da oferta, dentro do apartado "6.4. Opción de servizos na nube", indícase o seguinte:

*"A solución implantada (todos os seus produtos) poden ser implantados e utilizados en modalidade cloud privado, isto é, utilizados polo Concello de Santiago de Compostela en modalidade pago-por-uso".*

Este punto coinciden co criterio avaliable mediante cifras ou porcentaxes denominado B.4. *Opción na nube.*

c) Na páxina 84 da oferta, dentro do apartado "10. Resumo de melloras", inclúense información sobre as melloras que a UTE aporta ao proxecto, entre as que se atopan as seguintes:

- o Monitorización de atención á cidadanía
- o Módulo de táboas de datos vinculadas a expedientes
- o Formación sobre o xestor de base de datos documental

Na páxina 81 da oferta, dentro do apartado "8.3.2. Resumo de accións formativas" menciónase novamente a formación sobre "xestión, administración e explotación do xestor documental, cun volume global de 100 horas lectivas".

Estes tres puntos coinciden co criterio avaliable mediante cifras ou porcentaxes denominado B.3. *Melloras.*

Por este motivo, sen prexuízo do que finalmente acorde a mesa de contratación, neste informe asúmese que a oferta da UTE GT(3)-ALTIA incorre en motivos de exclusión, e polo tanto a única oferta avaliada é a presentada pola empresa T-SYSTEMS.

Esta análise axústase ao feito de que se trata dunha única oferta. Todos os elementos da avaliación, coma os aspectos técnicos tidos en conta, os apartados establecidos para cada criterio e os seus pesos relativos, así coma as puntuacións outorgadas, poderían variar no caso de ter que analizar varias ofertas, co obxecto de reflectir axeitadamente as diferencias.

### 3. AVALIACIÓN DA OFERTA DE T-SYSTEMS

3.1. Criterio A1. Características técnicas e funcionais da solución (ata 33 puntos)

3.1.1. Descrición xeral da oferta



O provedor basea a oferta na súa solución de xestión ERP TAO 2.0, incluíndo ePAC, eSTIMA e ePOB e todos os módulos necesarios para o cumprimento do obxecto do contrato.


Con carácter xeral, a oferta presenta unha descrición detallada e completa dos aspectos máis relevantes, tendo en conta a complexidade do proxecto e as limitacións impostas polo tamaño máximo de 200 páxinas. Posto que o prego xa enumera de xeito exhaustivo os requisitos técnicos e funcionais, a oferta non se limita a facer referencia ao seu cumprimento, senón que fai uso do espazo dispoñible para explicar como se acada describindo o funcionamento da solución.

A solución axústase á orientación que se busca neste proxecto: un sistema de información que sirva como base para a transformación dixital e a innovación dando soporte a un novo modelo de xestión municipal baseado en aspectos coma a xestión integral por procesos e orientada á cidadanía nas súas distintas dimensións (habitante, beneficiario, contribuínte, usuario de servizos públicos, provedor, empresario, emprendedor, etc.).

Neste senso, como elementos destacables inclúense os seguintes:

Baséase no concepto de "dato único" ao contar cun módulo de bases de datos corporativas de persoas, territorio e documentos que, mediante unha capa de servizos web, presta servizo a todas as aplicacións que compoñen a solución e tamén está aberto a aplicacións externas. A información grávase unha vez e está dispoñible e actualizada para todos os módulos.

- Existe unha base tecnolóxica e funcional común para todos o módulos da solución. Así, módulos coma xestión de ingresos ou padrón de habitantes, ou a propia plataforma de administración electrónica, fan uso do subsistema de xestión de expedientes (con carácter xeral, todo se entende coma un tipo de expediente) e doutros subsistemas horizontais coma o de xestión de documentos, de dixitalización certificada, de rexistro electrónico, de sinatura electrónica, de notificación electrónica, de publicación en sede electrónica, etc.
- Trátase dunha solución altamente parametrizable, que ademais está deseñada para favorecer a toma de decisións desde unha perspectiva global. Deste xeito, fomenta a normalización e o establecemento de políticas de seguridade, de tratamento documental, de publicación e transparencia, etc., así coma o seguimento do seu cumprimento de xeito centralizado.



- Esta deseñada para ofrecer ao usuario a información relevante para cada actuación, establecer mecanismos de control e, cando sexa oportuno, acadar a completa automatización. Isto limita a posibilidade de erros e de toma de decisións fóra do modelo de funcionamento establecido.

O documento inclúe unha guía de cumprimento de requirimentos técnicos e funcionais que segue a estrutura do prego. Para cada punto engade unha referencia ás características da solución ou aos apartados da oferta máis relevantes, así coma aclaracións ou alternativas funcionalmente equivalentes cando é o caso. O resto do documento desenvolve en detalle cada aspecto.

O prego prevé a valoración dun *roadmap* que permita confirmar a previsión de continuidade e de evolución do produto en base a cambios legislativos, tecnolóxicos ou das necesidades dos clientes. Neste punto, a oferta céntrase en catro aspectos: a evolución da solución apoiada no servizo de mantemento, o cal inclúe os protocolos para atender solicitudes de modificación das aplicacións; o sistema de xestión de versións e actualizacións; o servizo de atención ao cliente; e a comunidade wiki en liña para a localización de versións e o intercambio de información entre clientes.

### 3.1.2. Características técnicas

No apartado "2.2.Arquitectura das aplicacións" descríbense en detalle os aspectos técnicos: organización e seguridade, usabilidade, facilidade de administración, arquitectura de despregamento e dimensionamento, contornas de probas, pre-producción e produción, actualización e xestión de cambios de versión, e monitorización automática.

Trátase dunha arquitectura referencia de mercado en contorna web baseada nunha filosofía multi-capas, implementada en Java seguindo os estándares da plataforma J2EE versión 5.

A infraestrutura técnica resulta compatible coa existente no Concello. Describe unha arquitectura física adaptada ás necesidades e número de usuarios do Concello.

Esta inclúe unha contorna de produción composta por oito servidores virtuais, entre os que se inclúen o servidor web frontal, un servidor de procesos masivos, un sistema balanceador, servidores de aplicacións, servidores de bases de datos, servidor de informes e un servidor documental.

Tamén indica que a arquitectura descrita cumpre os obxectivos de alto nivel de seguridade, escalabilidade e dispoñibilidade.

O xestor de base de datos documental ofertado é *Document Content Server* do fabricante *OpenText*, que é unha solución referencia de mercado. Tamén inclúe outras solucións de terceiros, como é o caso do servidor de informes *OpenText* (antes *Actuate*), do mesmo provedor.

É destacable a incorporación un sistema de monitorización automática que permite controlar o correcto funcionamento da infraestrutura informática e, en especial, dos servidores nos que se executan as aplicacións. Isto permitirá unha resposta máis rápida ou incluso unha actuación preventiva ante un posible problema.

Pon da disposición dos usuarios unha ferramenta de axuda en liña estilo Wiki accesible a todos os usuarios onde se pode atopar a información máis actualizada a modo de manual de usuario.

O provedor oferta a entrega do código fonte ao Concello no caso de quebra ou cese de actividade da empresa.

### 3.1.3. Funcionalidades

#### 3.1.3.1. Xerais


O apartado "2.Descripción técnica e funcional do produto" se inclúe unha descrición funcional detallada do núcleo de información, a xestión do documento electrónico, a plataforma de administración electrónica, a xestión de ingresos e a xestión de poboación"

O prego establece de xeito exhaustivo os requisitos funcionais xerais e de cada un dos módulos do sistema que se pretende adquirir. Moitos son ademais requisitos indispensables para o cumprimento da lexislación e materia de administración electrónica.

Por este motivo, non sendo necesario ademais abordar unha análise comparativa minuciosa ao tratarse dunha única oferta, este informe limitase a mencionar unicamente algunhas das características máis significativas.

A nivel xeral, dous aspectos especialmente relevantes os seguintes:

- Toda a solución foi deseñada tomando como base o concepto de xestión de expedientes. Isto pode aplicarse tamén á xestión de ingresos e á xestión de poboación, que adquiren deste xeito un novo enfoque de funcionamento máis homoxéneo, integrado e potente.
- O módulo de arquivo defínese coma unha extensión do módulo de xestión documental e unha prolongación da fase activa dos documentos e expedientes. Os documentos e expedientes en fase activa xa están




catalogados e clasificados conforme a criterios arquivísticos. Isto permite a aplicación de políticas e incluso a execución automatizada de moitas actuacións.

- Dispón dunha plataforma de administración web común orientada a usuarios administradores e totalmente parametrizable "co rato", é dicir, sen necesidade de coñecementos técnicos de programación. Permite a administración en tempo real. Soporta a execución inmediata ou diferida a través dunha ferramenta de planificación de tarefas, que ofrece métricas do grao de execución.

### 3.1.3.2. Plataforma de administración electrónica

- Inclúe funcionalidades relacionadas xestión de expedientes electrónicos (modelado de procedemento; motor de tramitación; subprocesos de xestión administrativa electrónica coma o rexistro, a publicación, a resolución e a notificación; e o arquivo electrónico e físico), a sede electrónica e outros servizos electrónicos.

- O modelador de procedementos permite crear procedementos complexos (con fases, estados, actuacións condicionadas, prazos, fitos, etc.) e tamén expedientes sinxelos de xeito áxil. É posible crear procedementos de xestión vertical (Urbanismo, Servizos sociais, etc.), e transversais (subvencións, contratacións, etc.). Conta con multitude de modelos de actuación xa predefinidas. Mantén o control de versións.
- O subsistema de portasinaturas soporta PADes e XADes, incluída sinatura lonxeva PADes-LTV. Está integrado con @firma, soporta circuitos de sinatura e selado de tempo. Permite a sinatura individual ou masiva. Dispón de servizos web para envío e consulta de documentos a asinar desde calquera aplicación informática. Ofrece unha app para a consulta e sinatura de documentos desde dispositivos móbiles.
- O xestor procedemental permite incluír a información da débeda, ou relación de recibos, asociada a un expediente.
- A xestión de resolucións e órganos de goberno automatiza e centraliza a recepción de propostas, xestiona os procedementos para a xestión da sesións, automatiza a elaboración de propostas e resolucións, xestiona as notificacións, e obtén automaticamente os libros oficiais de resolucións e actas. As propostas de resolución poden aprobarse de xeito individual ou colectivamente nun único documento de resolución. Ofrece unha app móbil para a consulta do calendario de sesións, as convocatorias e ordes do día, incluíndo a información completa dos expedientes a tratar, e os libros de resolución de actas. Inclúese tamén un módulo de xestión de



videoactas que se integra co programa VideoactaTM de Ambiser (licenza non incluída na oferta).


- Inclúe unha serie de procedementos básicos xa preconfigurados a partir da experiencia adquirida polo provedor e completamente operativos, que poden ser utilizados sen prexuízo da posterior paramentización máis específica. Isto denomínase *Plataforma de tramitación sinxela (PTS)* e inclúe os seguintes ámbitos: Procedemento da comunidade (xenérico, distinguindo entre expedientes iniciados de oficio ou a instancia de parte), de sesións de órganos colexiados, de transferencias de arquivo, de consultas e préstamos de unidades documentais (que permite a xestión do arquivo físico), da contratación administrativa, de subvencións (non previsto no prego) e de xestión de citas (non previsto no prego).
- A plataforma inclúe un escritorio virtual que amosa toda a información da organización dun xeito sinxelo e intuitivo. É un punto único de entrada a todas as aplicacións que utiliza o usuario, inclúe un centro de control con acceso ás tarefas pendentes e expedientes nos que participa, e conta cun cadro de mando con indicadores de xestión.

### 3.1.3.3. Xestión de ingresos

- Inclúe todas as funcionalidades relacionadas coa xestión de ingresos coma a xestión de contribuíntes, a xestión tributaria, a recadación, a integración con contabilidade, a fiscalización, a inspección, as sancións, os recursos, etc.).
- Arquitectura centrada no contribuínte, pensada para xestionar un núcleo tributario con información depurada e de calidade.
- Acceso directo aos datos da situación global do contribuínte (o que denomina "visión 360º dos datos tributarios"), tanto fiscal como de procedementos, que permita aos usuarios de atención ao público xestionar as actuacións pendentes cando se atenda ao contribuínte por calquera medio de contacto.
- Carga automatizada de cadernos bancarios: creación de xeito masivo e desatendido dos ficheiros a enviar ás entidades bancarias (C19, C63, C34, etc.) podendo realizar o envío a través de EDITRAN. Tamén carga e procesa de xeito masivo e desatendido os ficheiros remitidos polas entidades bancarias soportando a mesma plataforma.
- Domiciliacións: Permite bonificacións por domiciliacións, a domiciliación de fraccionados, o rexistro dunha domiciliación xeral para recibos presentes e futuros, a xeración de pagos aprazados, etc.



- Posibilidade de xeración e cobro das autoliquidacións a través da web.
- Xeración de recibos non domiciliados para impresión externa.
- Tratamento diferenciado dos supostos de beneficios obxectivos, subxectivos e mixtos, mantendo e eliminando automaticamente aqueles que non procedan cando se modifican datos da unidade fiscal.
- Agrupación nun só documento liquidatorio das liquidacións de distintos períodos impositivos ao nome dun mesmo titular
- Posibilidade de realizar simulacións de aprazamento e fraccionamento.




Xeración de información automatizada para SICALWIN: Permite xerar de xeito automático o formato de carga de información contable para o sistema informático SICALWIN de AYTOS. A empresa detalla que xa ten realizado numerosas integracións con este mesmo sistema en diferentes clientes.

Cadros de mando: A solución dispón dun centro de control e seguimento que inclúe todos os indicadores e estatísticas dispoñibles nos diferentes módulos de xestión de ingresos:

- o Indicadores de xestión: estado dos expedientes, control de prazos, control de asignacións, análise de atencións aos contribuíntes, etc.
  - o Indicadores de recadación: evolución da recadación, restado das contas de recadación, resumo de contabilización, estado de tramitación por fases do procedemento executivo, situación da débeda en executiva, control de prescrición, etc.
  - o Indicadores de inspección: estado dos procedementos de inspección, situación de multas
  - o Indicadores de explotación: impresión de informes, sensores de calidade do núcleo, estado da situación das notificacións, execución de procesos de importación e exportación, etc.
- A oferta inclúe dentro das funcionalidades de eSTIMA o módulo completo de xestión de multas de tráfico (non previsto no prego). Inclúe o acceso á DGT para consultas a partir da matrícula e a comunicación cos servizos AVTM e TESTRA.
  - Inclúe unha Oficina Virtual Tributaria, que é unha sede electrónica de ámbito tributario integrada na sede electrónica municipal. Opcionalmente, permite "incrustar" noutra páxina web calquera dos servizos electrónicos prestados na Oficina Virtual Tributaria.

#### 3.1.3.4. Xestión de poboación

- Cambia o modelo de xestión de poboación, que agora se entende coma unha xestión de expedientes tal e como sucede co resto dos módulos. A gravación de datos no Padrón de habitantes é a última actuación do expediente, unha vez se teñen cumprido todos os trámites e consta como entregada toda a documentación. Diferencia entre expedientes de depuración, de comunicación, de solicitude, ou de xestión, nos que un mesmo expediente pode afectar a varios habitantes.
- A ferramenta ofertada dispón dun módulo de estatísticas baseadas en cubos dinámicos que permite facer consultas numéricas e gráficas desde os datos do padrón a data actual ou a unha data definida.



O módulo de convocatorias electorais xestiona todo o procedemento previo a unhas eleccións. Permite a carga de comparación do ficheiro co censo, e a comunicación aos votantes de discrepancias nos datos electorais, o sorteo de mesa e o seguimento das notificacións e denuncias do proceso.

- Para o intercambio de información co INE defínense unha serie de accións que se procesan de xeito automático e programado, e que poden solucionar a meirande parte das incidencias posibles.
- A través da carpeta cidadá permite a expedición de certificados de empadramento e volantes individuais, e tamén a consulta de datos electorais.

#### 3.1.3.5. Núcleo de información

No apartado "2.3.Núcleo de información" fai unha descrición detallada do contido e funcionamento do núcleo de bases de datos corporativas, que inclúe a base de datos de persoas (BDP) a base de datos cidade (BDT), e o repositorio corporativo documental.

Con respecto á base de datos de persoas, destaca o feito de que:

- o Inclúe un histórico de variacións sobre os datos persoais e os enderezos.
- o Permite a xestión centralizada, con mecanismos de carga, depuración, e un sistema de sensores de calidade.
- o A actualización de datos pode realizala un usuario autorizado ou, no caso de petición do interesado, mediante a tramitación dun expediente administrativo de "corrección de datos persoais".

- Dispón dun sistema de comunicación de variacións que permite xerar de xeito periódico un ficheiro de movementos, para o seu uso con sistemas externos.

Con respecto á base de datos cidade, destaca o feito de que:


- Vinculación directa entre a información de persoas e a base de datos de elementos territoriais alfanumérica.
- Permite a xestión centralizada, con mecanismos de carga, depuración, e un sistema de sensores de calidade.
- A actualización de datos pode realizala un usuario autorizado.
- Integración con servidores de mapas (GIS corporativo, o da oficina virtual da Dirección Xeral de Catastro, etc.)

Con respecto ao repositorio de documentos, destaca o feito de que:

- Todo documento se incorpora ao repositorio documental como documento electrónico.
- O repositorio é común para todo o ciclo de vida documento
- Clasificación en orixe segundo o Sistema de clasificación e descrición arquivística do Concello para garantir a aplicación correcta de políticas de transferencia, conservación e expurgo.
- Descrición dos documentos segundo o modelo de ficha documental seguindo as recomendacións da norma ISAD(G) e aliñada coas Normas Técnicas de Interoperabilidade.
- No catálogo de tipoloxías documentais (CTD) dáse de alta o mapa de tipoloxías documentais establecendo, para cada unha, as políticas de dixitalización, compulsas, sinatura electrónica, CSV, reutilización, formato, clasificación arquivística e interoperabilidade.
- A solución ofrece os servizos web *Conecta Xestión documental e sinatura electrónica*, que permite a xestión de documentos electrónicos, incluíndo a xestión documental, a dixitalización, a sinatura electrónica, e o repositorio corporativo de documentos desde calquera módulo e aplicación externa. (Apartado "2.4. Xestión do documento electrónico").
- Tamén inclúe un *web start* que ofrece a opción de dixitalización desde calquera módulo usando un escáner con controladora TWAIN e aplicando as políticas de xestión documental definidas.

#### 3.1.4. Usabilidade e experiencia de usuario

Presenta unha interface de aparencia amigable e uniforme baseada en tecnoloxías web J2EE, con estilos comúns, e arquitectura e iconografía homoxéneas. (Apartado "2.2. Usabilidade para o usuario").



A documentación inclúe capturas de pantalla que, ademais de facilitar a comprensión sobre o funcionamento do produto, demostran esta homoxeneidade tanto nos módulos de explotación coma nos de administración.

Estas capturas reflicten unha presentación limpa e sinxela, ao tempo que parecen amosar xustamente a información que se necesita en cada paso.

A aplicación é multiidioma tanto no que respecta á interface de usuario coma á creación de documentos.

A súa plataforma de sede electrónica cumpre as pautas de accesibilidade nivel AA definidas pola norma WAI (WCAG 2.0).

A utilización de contornas web permitirá dar acceso aos usuarios sen facer uso do servidor de terminais XenApp de Citrix que ven utilizando o Concello e que, pese ás súas vantaxes, dificulta en certa medida a experiencia de usuario.

Polo tanto, dentro das limitacións que ofrece esta análise a partir dunha descrición en documento escrito, parece reflectir unha usabilidade elevada.

### 3.1.5. Seguridade e auditoría de procesos

Este punto trátase principalmente no apartado "2.2.1. Organización e seguridade".

Conta cun sistema de seguridade común para toda a solución, baseado na creación de usuarios e asignación de privilexios de acceso, cun elevando nivel de granularidade e parametrización.

Inclúe un módulo de auditoría que permite o rexistro das operacións no sistema, podendo escoller sobre que elementos se vai facer rexistro e que tipo de operacións se van auditar: creación, acceso, modificación ou eliminación.

Este sistema de auditoría está presente tamén no módulo de integración *Conecta*, de tal xeito que calquera acceso mediante servizos web queda rexistrado. Recomenda polo tanto o acceso a bases de datos a través deste módulo.

Inclúe outras funcionalidades relacionadas coa seguridade, como é o caso do bloqueo de sesión, ferramentas de control de calidade do



código, e sistemas de ofuscación de datos para contornas non produtivas.

A solución permite cumprir os requirimentos derivados do nivel de seguridade que sexa de aplicación en cada caso segundo o establecido na LOPD, contando con certificación de nivel alto proporcionada por un auditor externo. Tamén cumpre co establecido no Esquema Nacional de Seguridade.

### 3.1.6. Produtividade

Da redacción da oferta e a descrición de cada apartado dedúcese que a implantación desta solución pode supoñer un elevado incremento na produtividade, destacando entre outras cousas:

- a) Posibilidade de parametrización atendendo a unha visión global e orientada a procesos, co establecemento de políticas e procedementos normalizados.
- b) A capacidade do sistema para ofrecer, unha vez parametrizado, a información e opcións relevantes en cada momento e, incluso, automatizar tarefas ou decisións.
- c) A dispoñibilidade de multitude de indicadores e sensores de calidade que permiten facer un seguimento máis axeitado da xestión municipal.
- d) Facilitade de administración da ferramenta e configuración en tempo real.

### 3.1.7. Interoperabilidade

Descríbese principalmente no apartado "2.8. Interoperabilidade e integración".

A definición, tratamento, almacenamento, e intercambio con outras administracións, de expedientes electrónicos, documentos electrónicos e outras unidades de información, realízase seguindo o Esquema Nacional de Interoperabilidade.

De xeito máis detallado menciónase para o acceso a servizos de outras administracións públicas, e para o foliado e posterior intercambio de documentos e expedientes.

O módulo *Conecta* inclúe solucións específicas para operación con servizos interadministrativos coma: Axencia Notarial de Certificación ANCERT (pago débedas IBI e IIVTNU), Dirección Xeral de Tráfico (ATVM e TESTRA), Dirección Xeral de Policía e Instituto Nacional de Estatística (SVDI, SVDR), BOE (TEU), Dirección Xeral de Catastro, Subdirección Xeral de Administración Dixital (CI@ve, @firma, SIR, PID, Notific@, REA/@poder@), Dirección Xeral de Patrimonio do Estado (PLACE), Intervención Xeral da Administración do Estado (BDNS).

### 3.1.8. Nivel de integración

Descríbese principalmente no apartado "2.8. Interoperabilidade e integración".

Tal e como se explicaba ao inicio do informe, o nivel de integración é completa xa que parte dunha arquitectura homoxénea que se apoia nunha plataforma de servizos común e no uso da mesma base de datos e núcleo de información (dato único).

A solución conta cun módulo de servizos web denominado *Conecta* que habilita o acceso aos diferentes subsistemas: usuarios, territorio, terceiros, padrón, xestión tributaria, multas, xestión documental, sinatura electrónica, rexistro, expedientes e notificacións. Ofrece dous niveis de servizo: consultas e transaccións (creación, modificación e baixa).

*Conecta* é utilizado por todos os módulos verticais da solución (plataforma, xestión de ingresos, padrón de habitantes), e tamén está dispoñible para as aplicacións informáticas externas, xa sexa comerciais ou de desenvolvemento propio.

Inclúe un diario transaccional e un sistema de subscricións que permite manter a información actualizada nos sistemas externos.

Describe en detalle a integración do sistema de xestión de ingresos eSTIMA e da plataforma de administración electrónica coa xestión contable SICALWIN de que dispón o Concello. Neste último caso fai referencia ao tratamento de facturas electrónicas recibidas a través de FACe ou en formato papel.

Por último, no apartado "2.2.10. Exportador e importador" describe unha ferramenta que permite realizar estas operacións de xeito planificado.

### 3.1.9. Cumprimento de estándares

En xeral, ao longo da oferta demostra axustarse aos estándares máis habituais e aplicables a este tipo de solucións (estándares abertos nos servizos web, na contorna de programación, no que respecta á accesibilidade, tecnolóxicos coma TWAIN e BIRT, etc.), e en especial aos establecidos polo Esquema Nacional de Interoperabilidade.

A contorna de desenvolvemento da solución, así coma os produtos de terceiros utilizados son referentes de mercado.

### 3.1.10. Rendemento

No documento non se inclúen métricas específicas que poidan dar unha valoración do rendemento, que en todo caso non son habituais neste tipo de ofertas.

En todo caso, está desenvolto con tecnoloxías de referencia de mercado, e declaran estar probadas e soportar infraestruturas de base estándar que se utilizan no Concello.

Ademais, presentan unha proposta de arquitectura física organizada e dimensionada en base á descrición e requirimentos do prego.

En concreto, para a contorna de produción indican que: cumpre os requirimentos funcionais e técnicos, os despregamentos non presentan ningún impacto para o usuario final, está preparado para alta concorrencia de usuarios, realízanse balanceos de carga coa configuración axeitada para xestionar peticións de usuarios de xeito óptimo.

En definitiva, no que respecta e este criterio A1, a oferta presenta unha elevada calidade, polo que se lle asigna a máxima puntuación: 33 puntos.

## 3.2. CRITERIO A2. Planificación do proxecto (ata 12 puntos)

### 3.2.1. Planificación do proxecto

#### 3.2.1.1. Planificación global

No apartado "4. *planificación global do proxecto*" faise unha descrición detallada que inclúe: actuacións e fases do proxecto, modelo de relación entre o Concello e T-SYSTEMS, e o marco metodolóxico.



Para a xestión do proxecto propón a utilización da metodoloxía PM Book de Xestión de Proxectos que recolle a suma de coñecementos e prácticas aceptadas por PMBOK® e avalada pola certificación ISO-9001:2000.

### 3.2.1.2. Plan de implantación

No apartado "5. *plan de implantación*" faise unha descrición específica e moi detallada para cada un dos módulos: plataforma de administración electrónica, xestión de ingresos e xestión de poboación.

Trátase en cada caso dunha descrición paso a paso na que se identifican os aspectos máis relevantes e prevencións a ter en conta, o punto de partida, o enfoque, as tarefas, a proposta de despregamento, os roles, e o correspondente cronograma.

Este apartado da oferta complementábase co referido ao proceso de migración que, especialmente no caso dos módulos de xestión de ingresos e de poboación, resulta crucial.

### 3.2.1.3. Plan de migración

No punto "6. *Plan de migración*" descríbese en detalle o procedemento de migración para cada un dos módulos: plataforma de administración electrónica, xestión de ingresos, xestión de poboación, e núcleo de información.

- o Plataforma de administración electrónica

Neste caso o provedor da a opción de cargar na nova plataforma a información aloxada na actual aplicación AUPAC, facendo unha proposta concreta para os asentos rexistrados, os expedientes finalizados e as unidades documentais simples. En todo caso, sería necesario unha análise previa da información dispoñible e a súa utilidade.

- o Xestión de ingresos eSTIMA

T-SYSTEMS é tamén o provedor da xestión de ingresos instalada no Concello. eSTIMA inclúe un módulo que permite garantir a migración do 100% da información relevante, de tal xeito que incluso recomendan abordar este proceso ao inicio do proxecto para que os usuarios poidan aprender o funcionamento con datos reais. O procedemento de migración prevé un proceso de



depuración e normalización da información, aplicando o modelo de "contribuínte único". Céntrase na creación dun contribuínte único, do que depende toda a información. Conta cun "contribuínte non normalizado" pendente de depuración.

- o Xestión de poboación ePOB

T-SYSTEMS é tamén o provedor da xestión de poboación instalada no Concello. A migración non é inmediata porque hai un cambio importante de filosofía e modelo de datos entre ambas versións. En todo caso, ofrece un procedemento rápido e seguro de traspaso da información, garantido por unha experiencia de máis de 50 migracións previas, que inclúe: auditoría para revisar a calidade da información actual, probas de migración nunha contorna de probas, e migración definitiva na contorna de produción.

- o Núcleo de información

Posto que T-SYSTEMS é tamén o provedor da solución TAO 1.0 instalada no Concello, e polo tanto das bases de datos de persoas (BDP) e de territorio (BDT) que están na actualidade en produción, garante a recuperación do 100% da información, non sendo necesario levar a cabo un proceso de migración.


#### 3.2.1.4. Plan de comunicación e xestión do cambio.

No punto "7. *Plan de comunicación e xestión do cambio*", propón un plan de formación extenso e orientado a diferentes perfís co obxecto de dotar ao concello de autonomía na xestión e na explotación da ferramenta. Propón accións formativas en grupos de 10 a 20 persoas seguindo unha metodoloxía de aprendizaxe experiencial.

En primeiro lugar abordaríanse unhas accións formativas piloto para, a partir deste resultado, adaptar o resto da formación á realidade concreta do Concello.

#### 3.2.2. Visión integrada da problemática e o alcance dos traballos que se contratan, que reflicta capacidade e coñecemento específico para o obxecto desta contratación, valorando igualmente aqueles aspectos relativos ao deseño, metodoloxía e cronograma ofertados.

Toda a oferta, tanto no que respecta á solución aportada coma ao plan de implantación, está redactada sobre a base dunha solución global e seguindo os principios establecidos no prego.



A oferta reflicte coñecemento detallado da problemática en xeral e do caso específico para o Concello. Non se limita polo tanto a explicar de xeito xeral o procedemento a seguir, senón que detalla e xustifica cada paso, identificando os riscos, os aspectos máis relevantes, e a proposta de solución en cada caso.

Tanto a metodoloxía como a planificación temporal (xeral e para cada módulo) resultan neste senso realistas.

### 3.2.3. Ferramentas, métodos e técnicas relativas ao seguimento e control do proxecto ou contrato no seu conxunto.

Tal e como se describe máis adiante neste informe ao falar do mantemento, o provedor utiliza a ferramenta de ticketing *Jira Software Desk*. Esta aplicación é unha referencia de mercado que permite o rexistro e seguimento de solicitudes de todo tipo, ademais da elaboración de datos estatísticos e do seguimento en tempo real do nivel de cumprimento dos parámetros de servizo.

Esta información será utilizada polo provedor para a elaboración dos informes de seguimento de servizo e cumprimento de acordos de nivel de servizo que se analizarán nas reunións periódicas de seguimento do proxecto. (Apartado "3.4.Seguimento de servizo" da oferta)


O provedor realiza ademais de xeito periódico enquisas de satisfacción entre os clientes para a mellora do servizo.

### 3.2.4. Equipo de traballo adscrito directamente á implantación da solución, atendendo á súa titulación académica, experiencia en proxectos de implantación da solución ofertada, formación e coñecementos específicos no ámbito do proxecto, e demais aspectos relevantes para a execución dos traballos contratados.

No apartado "8.Equipo de traballo" faise unha descrición dos diferentes perfiles operativos cunha breve descrición do que aportan ao proxecto.

Define os roles de xefe de proxecto; responsables de implantación e analistas funcionais; consultores de implantación de produto; e equipo de desenvolvemento de produto.

Inclúe un organigrama na que consta o equipo de traballo, diferenciando catro ámbitos: xestión do proxecto, plataforma de administración electrónica, xestión tributaria e recadatoria, e do padrón de habitantes.



En todos os casos indícase para cada rol a persoa asignada e o perfil profesional, incluíndo titulación académica, coñecementos, e experiencia.

En definitiva, no que respecta a este criterio A2, a oferta presenta unha elevada calidade, polo que se lle asigna a máxima puntuación: 12 puntos.

### 3.3. CRITERIO A3. Servizo de mantemento (ata 4 puntos)

#### 3.3.1. Alcance do mantemento

No apartado "3.Roadmap do produto" descríbese o servizo de mantemento ofertado, que inclúe a corrección e evolución dos produtos estándar de T-SYSTEMS subministrados (correctivo, evolutivo, adaptativo e perfectivo).

Describe unha metodoloxía de solicitude por parte dos usuarios de modificación das súas aplicacións, así coma un protocolo de desenvolvemento e liberación de versións.

Tamén dispón dun sistema para a xestión de incidencias vía Internet que permite o seu rexistro e seguimento, ademais de correo electrónico e unha liña de atención telefónica. Utilizan a aplicación *JIRA Service Desk* como sistema de información para a xestión de incidencias.

Como elemento salientable, ofrecen formación continua como servizo asociado á liberación de novas versións, podendo asistir sen custos adicionais a sesións periódicas nas que se analizan os contidos diferencias e novidades das mesmas.

No que respecta a produtos de terceiros, inclúe a cobertura estándar de mantemento dos respectivos fabricantes.

#### 3.3.2. Parámetros de calidade do servizo

No apartado "3.3.Acordos de nivel de servizo" descríbense os parámetros de atención e resolución de incidencias e solicitudes.

Comeza o apartado coa definición exacta dos conceptos de tempo de resposta e tempo de resolución, aplicando os matices que corresponden en cada caso.

Isto é así porque, fronte ao prego que se centra na atención de incidencias, inclúe información e asume compromisos sobre unha casuística máis ampla: incidencias técnicas, suxestións de mellora, modificacións legais, peticións de servizo, consultas e outras peticións.

O coordinador do servizo entregará periodicamente un informe de seguimento do servizo e de cumprimento dos acordos de nivel de servizo

En definitiva, no que respecta e este criterio A3, a oferta presenta unha elevada calidade, polo que se lle asigna a máxima puntuación: 4 puntos.

#### 4. CONCLUSIÓNS

Na táboa seguinte indícanse as puntuacións acadadas en cada punto e as puntuacións totais das oferta presentada por T-SYSTEMS:

| Criterio  | Puntuación máxima | Oferta T-SYSTEMS |
|---|-------------------|------------------|
| A1. Características técnicas e funcionais da solución | 33                | 33               |
| A2. Planificación do proxecto                         | 12                | 12               |
| A3. Servizo de mantemento                             | 4                 | 4                |
| <b>TOTAL CRITERIOS SOBRE 2</b>                        | <b>49</b>         | <b>49</b>        |

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

O xefe de servizo de Informática




Asdo.: Jesús Rodríguez Castro

O Tesoureiro



Asdo: Carlos Moure Vieiro

O Secretario



Asdo.: José Ramón Alonso Fernández

## INFORME XURÍDICO

1. O informe sobre avaliación das ofertas para adxudicar o contrato sobre administración electrónica, referente aos criterios non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes, do 27.11.2017, expón no seu apartado “2. Consideracións previas” que, consonte a cláusula 13.3 do prego de cláusulas administrativas “Neste sobre non se incluírá documentación que poida facer referencia en ningún caso ás condicións económicas do contrato ou ás melloras e cláusulas sociais que se ofrecen, que serán valoradas nruha posterior fase da licitación. O incumprimento deste requirimento será motivo de exclusión da licitación” e que a oferta da UTE GT(3)-ALTIA inclúe información correspondente a diversos criterios de adxudicación avaliábles mediante cifras ou porcentaxes (sobre 3), en concreto, no tocante a:

a) servizo adicional ata un máximo de 8 semanas de consultor especializado in situ (mellora do apartado B.2 da cláusula 10, Asistencia durante posta en marcha);

b) opción de servizos na nube (mellora do apartado B.4 da cláusula 10, Opción na nube); e

c) monitorización de atención á cidadanía, módulos de táboas de datos vinculadas a expedientes e formación sobre o xestor de base de datos documental cun volumen global de 100 horas (actuacións do apartado B.3 da cláusula 10, Melloras).

Conclúe o informe que a antedita oferta incorre en causa de exclusión da licitación.

2. A doutrina sobre esta causa de exclusión pódese resumir do seguinte xeito (véxase, por todas, a resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos contractuais nº 851/2017, do 3 de outubro):

“Sexto. Respecto da inclusión indebida de información nos distintos sobres da licitación e a súa relación co principio de igualdade, antes de entrar a resolver sobre o caso concreto, cabe sinalar o seguinte.

En primeiro lugar, polo que se refire á revelación de parte da oferta con anterioridade á apertura dos sobres relativos á documentación avaliáble mediante xuízos de valor, é dicir, aquelas que conteñen as proposicións relativas aos criterios avaliábles mediante xuízo subxectivo, este Tribunal na súa resolución nº 890/2014, do 5 de decembro, resume a súa doutrina.

Respecto diso, o Tribunal reiterou numerosas veces a necesidade de cumprir imperativamente o mandato de proceder previamente á puntuación daquelas cuestións avaliábles mediante xuízo de valor respecto daqueles aspectos que son valorados mediante criterios obxectivos, é dicir, automaticamente ou mediante fórmulas. Así ha de partirse de que a subministración de información por parte dun contratista na licitación, sexa pola súa inclusión nun sobre improcedente ou pola evacuación de

calquera outro trámite do procedemento que anticipe o coñecemento da información incluída no sobre correspondente á oferta relativa aos criterios dependentes dun xuízo de valor ou ao que contén dita oferta, no atinente aos criterios avaliábel automaticamente ou mediante fórmula, vulnera expresamente os preceptos da LCSP e os principios que rexen a contratación administrativa. Neste sentido cabe lembrar que o artigo 1 da LCSP establece a obrigaón de garantir o principio de "non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos". No mesmo sentido, o artigo 139 da LCSP afirma que "os órganos de contratación darán aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio".

O principio de igualdade de trato implica que todos os licitadores deben estar en pé de igualdade tanto no momento de presentar as súas ofertas como ao ser valoradas estas por a entidade adxudicadora (Sentenza TXCE do 25 de abril de 1996, Comisión c. Bélxica). En efecto, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, nas súas resolucións, afirma que o respecto ao principio de igualdade de trato implica, non só a fixación de condicións non discriminatorias para acceder a unha actividade económica, senón tamén que as autoridades públicas adopten as medidas necesarias para garantir o exercicio da devandita actividade. Principio este que é a pedra angular sobre a que descansan as Directivas relativas aos procedementos de adxudicación de contratos públicos (Sentenza TJCE do 12 de decembro de 2002, Universidade-Bau e outros).

Neste sentido, o artigo 145.1 e 2 da LCSP, relativo ás proposicións dos interesados, sinala que

*"as proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha. (...) As proposicións serán secretas e arbitraránse os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública, (...)".*

Asemade, pola súa banda, o artigo 160.1 sinala para o procedemento aberto que, no relativo ao exame das proposicións

*"o órgano competente para a valoración das proposicións cualificará previamente a documentación a que se refire o artigo 146, que deberá presentarse polos licitadores en sobre distinto ao que conteña a proposición, e procederá posteriormente á apertura e exame das proposicións, (...)".*

Iso significa que as proposicións dos interesados, que conteñen as características técnicas como económicas, ademais de cumprir as esixencias do prego de cláusulas administrativas particulares (en diante, PCAP), deben manterse secretas ata o momento en que, de conformidade co PCAP, se abran e presentarse en sobres independentes a documentación a que se refire o artigo 146 da LCSP da que contén a oferta. Conclúe, finalmente, o artigo 150.2 da LCSP, ao regular os criterios de valoración das ofertas, que

*"os criterios que han de servir de base para a adxudicación do contrato determinaránse polo órgano de contratación e detallaránse no anuncio, nos pregos de cláusulas administrativas particulares ou no documento descritivo. (...). A avaliación das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas realizarase tras efectuar previamente a daqueloutros criterios en que non conorra esta circunstancia, deixándose constancia*

*documental diso. As normas de desenvolvemento desta Lei determinarán os supostos e condicións en que deba facerse pública tal avaliación previa, así como a forma en que deberán presentarse as proposicións para facer posible esta valoración separada."*

Este Tribunal, na súa resolución nº 191/2011 estableceu que *"cando a norma se refire a 'documentación' non fai referencia ao soporte material, físico ou electrónico, documento en sentido vulgar, senón á información que ese soporte contén -'escrito en que constan datos fidedignos ou susceptibles de ser empregados como tales para probar algo' na segunda acepción do Dicionario da Lingua Española, RAE, 22ª edición- porque é esta información a que pode introducir con carácter anticipado o coñecemento dun elemento de xuízo que debería ser valorado despois en forma igual e non discriminatoria para todos os licitadores".*

Igualmente, a citada Resolución nº 191/2011 interpreta o artigo 150.2 da LCSP e o artigo 26 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio,... Este último establece que

*"... a documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor debe presentarse, en todo caso, en sobre independente do resto da proposición con obxecto de evitar o coñecemento desta última antes de que se efectuou a valoración daqueles".*

Respecto destes preceptos, a resolución nº 191/2011 afirma que a prohibición que subxace no citado artigo 26 do Rd 817/2009

*"é terminante e obxectiva, de modo que non ofrece a posibilidade de examinar se a información anticipada no sobre 2º resulta ratificada no sobre 3º nin lle permite ao órgano de contratación graduar a sanción da exclusión pola existencia de boa fe do licitador nin, menos aínda, os efectos que sobre a valoración definitiva das ofertas poida producir a información anticipada."*

Por tanto, se obxectivamente se incumpre a obrigaçión o efecto terminante da inclusión indebida será a exclusión do licitador do procedemento. Todo o anterior, como tivo ocasión de determinar este Tribunal, non supón un criterio absoluto a exclusión do licitador pola inclusión indebida de documentación en sobre distinto do que se deba, tendo en conta que non calquera vicio procedimental xera a nulidade do acto de adxudicación, "é preciso que se producise unha indefensión real e non meramente formal" (Resolución 233/2011).

Isto apóiase na xurisprudenza do Tribunal Supremo, entre outras, sentenza da Sala Terceira do 20 de novembro de 2009, que descarta a vulneración do principio de igualdade de trato polo quebrantamento do carácter secreto das proposicións nun suposto no que o licitador incorreu nun erro involuntario ao presentar a oferta nun sobre aberto, partindo da falta de transcendencia para terceiros deste erro (En igual sentido, a sentenza da Audiencia Nacional do 6 de novembro de 2012).

Xa que logo, podemos concluír que, para proceder á exclusión por infracción dos artigos 150.2 da LCSP e 26 do Rd 817/2009, o incumprimento haberá ser claro, é dicir, referirse a elementos obxectivos, perfectamente definidos no prego de prescricións técnicas, e deducirse con facilidade da oferta, sen ningún xénero de dúbidas, séndolles aplicable este criterio a todos os licitadores por igual."

Sobre esta última cuestión, a doutrina aínda precisa (véxase por todas a resolución do antedito Tribunal nº 916/2016, do 11 de novembro:

“Décimo. Logo de que se chega á conclusión de que no sobre B1 se incluíron datos relativos ao sobre B2, o erro cometido debe entenderse, como recorda a doutrina deste Tribunal, transcendente; isto é, se coa inclusión... se menoscaba a obxectividade da valoración e o tratamento igualitario dos licitadores como valores que se deben preservar mediante o segredo das proposicións, ou se, pola contra, non se veu afectado sustantivamente o principio de igualdade de trato.”

É relevante sinalar que neste último caso, en aplicación da doutrina citada, o tribunal conclúe que incorre en causa de exclusión a proposición que revela anticipadamente datos dos que se deduce que podería acadar un determinado abano de puntuación nun dos criterios avaliábeis matematicamente.

Como a decisión de rexeitar unha oferta pola causa devandita esixe unha motivación clara e suficiente, cómpre analizar se no noso caso, o erro cometido na proposición é relevante por significar unha vulneración dos principios de igualdade de trato dos licitadores e do segredo das proposicións que pode afectar á imparcialidade da mesa de contratación.

A conclusión é obrigadamente afirmativa: dos datos anticipadamente revelados pola proposición da UTE G(3)-Altia dedúcese que esta obtería probablemente a máxima puntuación en tres dos catro criterios avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes (B2. Asistencia durante a posta en marcha, B3. Melloras e B.4 Opción na nube) o que compromete un total de 26 dos 51 puntos que se lle poden atribuír á documentación do sobre 3. Esta circunstancia é tan relevante que, por unha banda, vulnera o principio de igualdade de trato –xa que o outro licitador se tivo que axustar ás limitacións do prego de cláusulas- e compromete a imparcialidade obxectiva da mesa que ten un coñecemento adiantado de datos que deberían permanecer secretos ata que se abra o sobre 3.

Por outra banda, o texto do apartado 13.3 do prego de cláusulas administrativas particulares é preciso sobre a prohibición de mesturar datos e as súas consecuencias, polo que o licitador non pode invocar ningunha dúbida interpretativa sobre o seu significado.

Polos motivos expostos, procede, ao meu xuízo, rexeitar a proposición presentada pola UTE GT(3)-ALTIA.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2017.  
O director da asesoría xurídica,

Xoaquín E. Monteagudo Romero



Exp. CON/60/2016

ASUNTO: SESIÓN DE DEMOSTRACIÓN DA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PRESENTADA POLO PROVEDOR T-SYSTEMS.

O prego técnico establece no apartado 5.3 que *"Formará parte da selección a realización de sesións de demostración que deberán realizarse sobre contornas completamente operativas"*

En cumprimento do acordado pola mesa de contratación, tivo lugar ás 10:00 horas do 20 de decembro de 2017 nos locais do servizo de Informática, a sesión de demostración da solución de administración electrónica ofertada polo provedor T-SYSTEMS mediante conexión remota.

Esta sesión consistiu nunha revisión xeral da solución ofertada e dos distintos módulos que a compoñen, e nunha rolda de preguntas sobre aspectos concretos en relación co contido do documento de oferta.

Unha vez realizada, confírmase que a solución ofertada cumpre cos requisitos establecidos no prego e ratifícase o contido do informe de avaliación preliminar.


Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2017

O xefe de servizo de Informática



Asdo.: Jesús Rodríguez Castro

O Tesoureiro



Asdo: Carlos Moure Vieiro

O Secretario



Asdo.: José Ramón Alonso Fernández

Exp. CON/60/2016

ASUNTO: AVALIACIÓN DAS OFERTAS PARA A ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO E POSTA EN MARCHA DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (PROPOSICIÓN RELATIVA A CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE CRIFRAS OU PORCENTAXES, E PUNTUACIÓN FINAL).

## 1. INTRODUCCIÓN

A oferta recibida para avaliación é a presentada pola empresa T-SYSTEMS ITC IBERIA SAU (T-SYSTEMS).

Os criterios establecidos no prego como avaliados mediante cifras ou porcentaxes son os que se indican de seguido:

### - B.1. Prezo do contrato (Ata 25 puntos)

Neste apartado valórase a oferta económica global, é dicir, incluíndo o subministro e o mantemento durante o período establecido, aplicando os seguintes cálculos sobre as baixas económicas con respecto ao orzamento de licitación:

- a) Establécese a puntuación  $P_R$  que se asignará á oferta con maior baixa económica, mediante a seguinte fórmula que ten en conta o seu peso con respecto ao orzamento de licitación.

$$P_R = \text{Min}\{B_R, B_{MAX}\} / B_R * P_{MAX}$$

Onde:

- $P_R$  é a puntuación que se aplicará á oferta con maior baixa económica
- $B_R$  é a baixa de referencia, igual a 184.462,81 euros correspondente ao 12% do orzamento de licitación (223.200,00 euros realizando cálculos con IVE)
- $B_{MAX}$  é a máxima baixa económica de entre todas as válidas
- $P_{MAX}$  é a puntuación máxima asignada ao criterio no prego, igual a 25 puntos
- $\text{Min}(a, b)$  é o valor mínimo entre os parámetros  $a$  e  $b$  indicados

Aplicando esta fórmula, a puntuación  $P_R$  que se asignará á mellor oferta, será:

- A máxima establecida polo prego para este criterio ( $P_{MAX} = 25$ ) cando a maior baixa económica ofertada sexa igual ou superior á baixa de referencia  $B_R$ .
- Unha puntuación reducida proporcionalmente, cando a maior baixa económica ofertada sexa inferior á baixa de referencia  $B_R$ .

b) Establécese a puntuación  $P_o$  de cada oferta aplicando a seguinte fórmula, que asigna a puntuación  $P_R$  á oferta con maior baixa económica e puntuacións proporcionais ao resto.

$$P_o = B_o / B_{MAX} * P_R$$

Onde:

- $P_o$  é a puntuación obtida pola oferta  $o$
- $B_o$  é a baixa económica da oferta  $o$  con respecto ao orzamento de licitación
- $B_{MAX}$  é a maior baixa económica de entre as ofertas válidas
- $P_R$  é a puntuación asignada á oferta con maior baixa económica

- B.2. Asistencia durante a posta en marcha (Ata 12 puntos)

Neste apartado avalíase a asistencia presencial dun consultor especializado para a posta en explotación por enriba do prazo de dous meses previsto no prego para cada un dos fitos seguintes:


- a) Fito 2: xestión de poboación e plataforma de administración electrónica (Ata 6 puntos)  
Teranse en conta na puntuación ata un máximo de 8 semanas adicionais.
- b) Fito 3: xestión de ingresos. (Ata 6 puntos)  
Teranse en conta na puntuación ata un máximo de 8 semanas adicionais.

En ambos subapartados puntuaranse as ofertas aplicando a fórmula que asigna a maior puntuación á oferta con maior número de semanas adicionais, e puntuacións proporcionais ao resto.

$$P_o = V_o / V_{MAX} * P_{MAX}$$

Onde:

- $P_o$  é a puntuación obtida pola oferta  $o$
- $V_o$  é a oferta en número de semanas adicionais
- $V_{MAX}$  é a mellor oferta en número de semanas adicionais entre as ofertas válidas
- $P_{MAX}$  é a puntuación máxima establecida polo prego para cada subapartado



- B.3. Melloras (Ata 12 puntos)

- Monitorización da atención á cidadanía (Ata 5 puntos)

Asignarase a máxima puntuación ás ofertas que ofrezan este servizo, que permita facer un seguimento da atención que se presta a un cidadán para un determinado asunto e con carácter xeral, tendo acceso ao historial de intervencións, e puntuación nula ao resto.

- Módulo de táboas de datos vinculadas a expedientes (Ata 5 puntos)

Asignarase a máxima puntuación ás ofertas que ofrezan o módulo de xestión de táboas de datos vinculadas a expedientes descrito no apartado específico do prego técnico, e puntuación nula ao resto.

- Formación sobre o xestor de bases de datos documental (Ata 2 puntos)

Asignarase a máxima puntuación ás ofertas que ofrezan formación para o persoal técnico do Concello sobre a xestión, administración e explotación do xestor de bases de datos documental subministrado cunha duración mínima de 100 horas, e puntuación nula ao resto.

- B.4. Opción na nube (Ata 2 puntos)

Outorgarase a máxima puntuación á oferta cuxa solución poida ser utilizada na modalidade de servizo na nube como modelo de negocio (SaaS) de tal xeito que o Concello poida optar por esta alternativa cando o considere oportuno.


2. AVALIACIÓN DA OFERTA DE T-SYSTEMS

- Criterio B. 1. Prezo do contrato (Ata 25 puntos)

O prego establece un prezo máximo de licitación de 1.537.190,10 euros, cun IVE aplicable de 322.809,90 euros, resultando un importe total de 1.860.000,00 euros.

Ademais, establece as seguintes limitacións:

- O importe do subministro non poderá superar os 1.200.000,00 euros (IVE incluído)
- O importe do mantemento anual, que será constante en todas as anualidades, non poderá superar os 165.000 euros/ano (IVE incluído). Aplicado este importe aos 4 anos de mantemento previstos resulta un total de 660.000,00 euros.



| Concepto                                 | Importe sen IVE | IVE        | Importe con IVE |
|--|-----------------|------------|-----------------|
| Subministro                              | 991.735,54      | 208.264,46 | 1.200.000,00    |
| Mantemento anual                         | 136.363,64      | 28.636,36  | 165.000,00      |
| Mantemento 4 anos                        | 545.454,56      | 114.545,44 | 660.000,00      |
| Total subministro + 4 anos de mantemento | 1.537.190,10    | 322.809,90 | 1.860.000,00    |

A oferta presentada por T-SYSTEMS inclúe a seguinte valoración económica:

| Concepto                                 | Importe sen IVE | IVE        | Importe con IVE |
|--|-----------------|------------|-----------------|
| Subministro                              | 729.166,90      | 153.125,05 | 882.291,95      |
| Mantemento anual                         | 132.725,65      | 27.872,39  | 160.598,04      |
| Mantemento 4 anos                        | 530.902,60      | 111.489,56 | 642.392,16      |
| Total subministro + 4 anos de mantemento | 1.260.069,50    | 264.614,61 | 1.524.684,10    |

Polo tanto, a oferta cumpre coas limitacións establecidas no prego, e supón unha baixa sobre o prezo máximo de licitación de 277.120,60 euros.

Para o cálculo das puntuacións, aplícanse as fórmulas establecidas no prego:

- Calcúlase a puntuación máxima para o apartado ( $P_R$ ) que resulta ser a máxima porque a baixa supera o valor da baixa de referencia ( $B_R=184.462,81$  euros).

$$P_R = \text{Min}(B_R, B_{MAX}) / B_R * P_{MAX}$$

$$P_R = \text{Min}(184.462,81, 277.120,60) / 184.462,81 * 25 = 25 \text{ puntos}$$

- b) Aplícase a fórmula proporcional, que asigna a máxima puntuación ( $P_R$ ) á proposición económica de T-SYSTEMS.

$$P_O = B_O / B_{MAX} * P_R$$

$$P_O = 277.120,60 / 277.120,60 * 25 = 25 \text{ puntos}$$

2.1. Criterio B.2. Asistencia durante a posta en marcha (Ata 12 puntos)

A oferta inclúe asistencia presencial dun consultor durante oito semanas adicionais ás dúas establecidas no prego, tanto para o fito 1 (6 puntos) coma para o fito 2 (6 puntos), polo que recibe a máxima puntuación neste apartado.

2.2. Criterio B.3. Melloras (Ata 12 puntos)

- Monitorización da atención á cidadanía (Ata 5 puntos)

A oferta confirma a inclusión desta mellora, polo que se lle asigna a máxima puntuación. Achega documento explicativo no que se describen as funcionalidades deste módulo.

- Módulo de táboas de datos vinculadas a expedientes (Ata 5 puntos)

A oferta confirma a inclusión desta mellora, polo que se lle asigna a máxima puntuación. Achega documento explicativo no que se describen as funcionalidades deste módulo.

- Formación sobre o xestor de bases de datos documental (Ata 2 puntos)

A oferta confirma a inclusión desta mellora, polo que se lle asigna a máxima puntuación.

2.3. Criterio B.4. Opción na nube (Ata 2 puntos)

A oferta confirma a dispoñibilidade desta opción, polo que se lle asigna a máxima puntuación. Achega documento no que se describe o servizo e a infraestruturas tecnolóxicas de que dispón o provedor, ademais dunha planificación estratéxica para a migración.

3. CONCLUSIÓNS. PUNTUACIÓN DA OFERTA NO SOBRE 3.

Na táboa seguinte indícase a puntuación acadada en cada punto e a puntuación total da oferta presentada por T-SYSTEMS:

| <b>Criterio</b>                          | <b>Puntuación máxima</b> | <b>Oferta T-SYSTEMS</b> |
|--|--------------------------|-------------------------|
| B1. Prezo do contrato                    | 25                       | 25                      |
| B2. Asistencia durante a posta en marcha | 12                       | 12                      |
| B3. Melloras                             | 12                       | 12                      |
| B4. Opción na nube                       | 2                        | 2                       |
| <b>TOTAL CRITERIOS SOBRE 3</b>           | <b>51</b>                | <b>51</b>               |

4. PUNTUACIÓN FINAL DA OFERTA

Na táboa seguinte indícanse a puntuación final da oferta de T-SYSTEMS tendo en conta tanto todos os criterios non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes (sobre 2) coma os criterios avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes (sobre 3):

| <b>Criterio</b>  | <b>Puntuación Máxima</b> | <b>Oferta T-SYSTEMS</b> |
|--|--------------------------|-------------------------|
| A. Criterios non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes | 49                       | 49                      |
| B. Criterios avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes     | 51                       | 51                      |
| <b>TOTAL CRITERIOS SOBRE 2 + SOBRE 3</b>                   | <b>100</b>               | <b>100</b>              |

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2018

O xefe de servizo de Informática

Asdo.: Jesús Rodríguez Castro

O Tesoureiro

Asdo.: Carlos Moure Vieiro

O Secretario

Asdo.: José Ramón Alonso Fernández